A SAGAco proxecto para a creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños

A Sociedade Antropolóxica Galega ven de unirse activamente ó proxecto para a creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiæos. De feito, dous dos membros da directiva da SAGA —o antropólogo Rafael Quintía e o arqueólogo Lukas Santiago— forman parte da comisión técnica para a posta en marcha deste proxecto.

O proxecto para a creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños é unha iniciativa que apoian preto dunha vintena de colectivos socioculturais e veciñais de Pontevedra, Marín e Vilaboa, máis un grupo de arqueólogos que avalan a súa posta en marcha. É unha proposta que pretende pór en valor o importante e valioso patrimonio natural e arqueolóxico da zona.

Este espazo estaría situado no contorno do Monte do Pornedo, o Monte Catadoiro e dos Sete Camiños, no monte comunal das parroquias de Lourizán e de Salcedo, no concello de Pontevedra, e no de San Xulián de Marín de Arriba, no concello de Marín. Ademais, o proxecto tamén pretende integrar parte do patrimonio arqueolóxico de Postemirón, no concello de Vilaboa. Neste espazo, cunha área relativamente pequena, atopamos concentrados toda unha serie de xacementos Arqueolóxicos e outros elementos que forman parte do noso patrimonio natural e cultural.

Comisión Tøcnica do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiæos

Paz Castro
Xornalista
Lukas Santiago
Realizador e Arqueólogo
Rafael Quintía
Antropólogo e Economista
David Suárez
Especialista en Multimedia

Dentro do patrimonio arqueolóxico cabe sinalar a presenza de varias mámoas e petróglifos. En canto ás mámoas, trátase das dúas mámoas de Chan da Lagoa (GA 36038039, nº 1 e nº 2); e a mámoa do Catadoiro (GA 36038037); ás que se sumaba a mámoa de Louredo (GA 36038060), destruída polos militares da Brilat no ano 2009. Estes xacementos poden considerarse un conxunto, pois son da mesma natureza, túmulos funerarios de época megalítica; e concéntranse nun área reducida (menos de dous km en liña). A súa vez, forman parte do conxunto máis amplo que constitúe a Necrópole Megalítica da Serra de Domaio, que ten en Chan de Arquiña (Moaña), Chan de Armada (Marín) e Mámoa do Rei (Vilaboa) os seus máis coñecidos expoñentes; xa que xeograficamente sitúanse nunha das estribacións desta serra. Ademais disto, temos o Conxunto de gravados rupestres do Pornedo, no límite dos concellos de Marín e Pontevedra; o Petróglifo de Sete Camiños, e o Conxunto de gravados rupestres de Piñeiral do Caeiro, ambos en territorio marinense; e o Conxunto de gravados rupestres do Regato dos Buracos, na parroquia de Salcedo. Tamén podemos mencionar o Abrigo Rochoso de Catadoiro, probablemente do Paleolítico, na parroquia de Lourizán. A isto debemos engadir dentro deste espazo natural, diferentes formacións xeolóxicas de interese, como A Campá ou a Pedra do Sapo, así como dous miradoiros naturais privilexiados pola súa vista panorámica sobre a ría. Un é o de Pornedo e outro o miradoiro natural do Monte Catadoiro.

A zona do Monte do Pornedo, o Monte Catadoiro e os Sete Camiños constitúe un espazo privilexiado, de singular relevancia natural e patrimonial. Esta área, que forma parte da Serra de Domaio, está chamada a converterse nunha zona de lecer dos Concellos de Pontevedra; Marín e Vilaboa, unha extensión natural do Parque da Lagoa de Castiñeiras, que pode chegar a ser un importante referente, que axude a enriquecer, fortalecer e diversificar a oferta cultural e turística da comarca. A proposta de creación do Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños representa unha alternativa viable para convertelo nun referente identitario para a comunidade local, ademais de constituír un recurso social e economicamente rendible; destacando a necesidade de conservar, estudar e difundir este espazo pola súa importancia patrimonial, polo valor didáctico e polo poder identitario das pegadas deixadas na paisaxe polos nosos devanceiros

Máis información na web:
http://www.espazosetecaminhos.tk

do a cabalo dun león, e cun año no colo.

A figura do felino —símbolo da maxestade mais tamén do "ouro subterráneo" ou "sol subterráneo"— cabalgado polo santo Mamede, ou Mamas, pola súa relación co leite e cos peitos xa que logo, remite sen dúbida ás ancestrais figuras das Lamias ou seres temibles moitas veces semiserpentiformes que moran en covas, penedos ou fontes onde adoitan manifestarse peiteando a cabeleira cun peite de ouro mentres agardan polos mozos, preferentemente, para levalos ó submundo, devoralos e /ou, beber o seu sangue. Moitas veces aparecen en contextos narrativos nos que o compromiso matrimonial é un elemento esencial do discurso simbólico.

A converxencia no significante e no significado coa moura galega é pois, mais que notoria. Deste xeito o culto ó santo, tan común[6] en Galicia, puidera terse espallado dun xeito fluído sobre a base da converxencia coas estruturas mitolóxicas preexistentes e facilitando á reconfiguración da imaxe popular cara a fasquía e atributos simbólicos do neno santo.

A relación explícita deste cos nenos, a prodigalidade, a fin do ano, o bandullo, o leite, as mouras e o mundo baixo terra cos seus tesouros moitas veces presentados como agasallos na tradición oral, puido ter un efecto antropolóxico de homologación que habilitou ó santo como valedor dos nenos fronte as penurias e que puido ter certos acenos "de ida e volta" xa que o contacto cos gálatas da Anatolia puido inducir a incorporación de elementos procedentes da tradición atlántica europea que séculos despois retornaron conservando unha semellanza "de familia".

No caso do Pandigueiro das serras orientais galegas temos como dixemos antes, unha serie de indicios lingüísticos e etnográficos que puideran ter orixe nestas circunstancias. Entre eles podemos ver como inda hoxe ten presenza na zona o adxectivo "pándigo" como denotativo do comportamento inxenuo, pouco asisado e semellante ó propio dun neno. Nesta bisbarra e cando se quere aloumiñar ós nenos é común facer o aceno de cheirarlles o bandullo para "saber o que comiches". Doutra banda, o leite con purgazos —castañas secas cocidas— é unha comida con importante prevalencia na gastronomía local.

Conta a tradición popular recollida precisamente no pobo de San Mamede da Pobra de Trives, que o santo baixou do ceo, no alto da serra, nunha nube. Tropezou, ó caer, nuns penedos e cas galochas que levaba atronou o mundo. Viviu nunha cabana que fixo e as corzas dábanlle de mamar, os lobos o gardaban e todos se xuntaban para que tivera calor. Así estivo e na serra do seu nome, alta, brava e cuberta xeralmente de neve segundo a descrición do Licenciado Molina[7] , fica a súa fonte e a súa cova.
Así pois este pándigo, este inocente como un neno, este santo señor dos animais, baixaría da serra para esconxurar o mal do bandullo, a fame, dos nenos, inocentes coma el, traendo leite, castañas e gando propiciatorio: as figuriñas de animais feitos da madeira branda coma o amieiro, cocida para que non rache logo de seca, cos que convocar á fartura e afastar a necesidade.

No derradeiro dia do ano 1973 ou 1974 nun lugar da bisbarra das altas terras de Trives e nunha casa na que había un neno duns seis ou sete anos, o Pandigueiro petou na porta.

Pucha, chaqueta dun traxe, camisa e chaleco. Pantalón de tergal e galochas vellas. Os ollos da cor dunha nube de outono e as mans grandes nun corpo achacío, delgado e seco como unha trabe vella. O señor Vitorino, así lle chamaban, encargábase de botar e acomodar unhas vacas que eran a facenda doutro home e que vivían, na corte por baixo da casa á que viñera de criado. Falou na porta co meu pai e dos petos tirou dúas ou tres figuriñas feitas á navalla. Eran como animaliños redondechos, pateños e bandullentos que me deu coas dúas mans abertas e xuntas ó tempo que dicía "eis o pandigueiro ei che vai!". Aquela tarde a miña nai deume de postre unha cunca de castañas secas cocidas no leite. A hora de deitarse foi a de sempre. Cedo.

Tardei aínda ben días en voltar ver o señor Vitorino. Cando o vin fixo como que me cheiraba no bandullo dicindo que ia saber o que comera. Concluíu que si, que comera leite con purgazos. Aquel ano criaríame ben. Algunha outra vez os veciños como o señor Casiano e o señor Paco da Ponte Navea ou a Señora Martina da Pena Folenche fixeron algunha alusión ó feito de cheirarme o bandullo para saber o que comera relacionando esta actitude coa palabra Pandigueiro.

6 No Nomenclator da Xunta de Galicia 2010 aparecen mais de 800 parroquias, dun total de 3792, baixo a advocación de San Mamede.
www.xunta.es/nomenclator/index_c.htm

7 Descripción do reino de Galicia

DESCUBRIMENTO DE PETRÓGLIFOS NON CATALOGADOS NA PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE SALCEDO (CONCELLO DE PONTEVEDRA)

Foto 1: Vista da laxe cos petróglifos

A principios do pasado mes de maio, e por mor dun traballo de deslinde dos montes en man común da parroquia de San Martiño de Salcedo (concello de Pontevedra), o presidente da Comunidade de Montes —Don Fernando Pintos— puxo en coñecemento do antropólogo Rafael Quintía a localización dunha laxe no Monte do Castro (lugar de Cabanas) que, no parecer do Sr. Pintos, presentaban unhas marcas que semellaban petróglifos.

Foto 2: Deseño de círculos concéntricos

Rafael Quintía e Francisco Sutil —ámbolos dous membros da Sociedade Antropolóxica Galega— desprazáronse ó lugar, e tras inspecciona-los lindes do monte comunal atoparon a devandita laxe a cal está situada na faldra sur do Monte do Castro, e nunha parcela particular pero lindeira ó monte comunal. Unha vez inspeccionada a superficie da laxe de granito puideron comprobar que, efectivamente, se trataban de petróglifos, aínda que moi erosionados ó que, unido á vexetación e ó manto que a invade xustificaría que tivesen pasado desapercibidos ata hoxe en día. Os motivos que se poden intuír na laxe son cazoletas e, cando menos, dous deseños de círculos concéntricos, similares ós petróglifos próximos de Penedo de Vilar de Matos (Pozo da Escribana).



Foto 3: Deseños de cazoletas

Unha vez verificada a existencia desta laxe exploraron a contorna chegando a localizar dous penedos graníticos máis nos que se aprecian restos do que semellan cazoletas. Toda a zona atópase ocupada por bosque de repoboación de eucaliptos e apréciase a pegada das antigas explotacións de canteiras que existiron nesta zona.

Tras revisa-la carta arqueolóxica do concello de Pontevedra e as correspondentes fichas da catalogación do patrimonio que existen sobre a parroquia de Salcedo a Sociedade Antropolóxica Galega puido verificar que non se menciona ningunha estación de petróglifos no Monte do Castro, polo que chegamos á conclusión de que estes petróglifos son inéditos a día de hoxe e non están aínda catalogados. É por elo que o achádego se puxo —vía rexistro oficial— en coñecemento do Servizo Provincial de Patrimonio Cultural. No mes de agosto, un técnico de Patrimonio, púxose en contacto con Rafael Quintía para proceder á catalogación, fotografado e localización topográfica dos novos gravados. Agora tan so nos queda desexar e agardar que se tomen as medidas pertinentes para a recuperación e conservación destes petróglifos.



Foto 5 : Rocha con cazoletas

Foto 4 : Rocha con cazoletas